



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZASETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 22)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Xosé María Arias Fernández

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Domingo Rodríguez Ferreira

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezasete de xuño de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa como Secretario, o Xefe do Servizo de Contratación e Fomento don José Domingo Rodríguez Ferreira, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asisten os Srs. Deputados don Roberto Fernández Rico e don José Luis Raposo Magdalena.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZ DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de xuño de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS NOS PROXECTOS DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga, solicitando modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga no que solicita a modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	212	DOTACION DE MATERIAIS PARA EXECUCION DE OBRAS NA RÚA URBANA, ENTRE A RÚA TALLOS E A RÚA CUARTEL		48.847,00 €	48.847,00 €

4. O concello indicado achegou os correspondentes anexos III e a declaración responsable coas coordenadas UTM.

5. A Alcaldía do Concello de Quiroga, a través de escrito de data 09/06/2022 solicita:

a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 212, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... e necesario a modificación da memoria motivada pola necesidade de mellorar a execución da obra por parte do Obradoiro Dual de Emprego concedido pola Xunta de Galicia,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	212	MODIFICADO DOTACION DE MATERIAIS PARA EXECUCION DE OBRAS NA RÚA URBANA, ENTRE A RÚA TALLOS E A RÚA CUARTEL		48.847,00 €	48.847,00 €

6. A base 16, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que

deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”.

Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Quiroga, que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Quiroga, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o



Plan Único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	212	MODIFICADO DOTACION DE MATERIAIS PARA EXECUCION DE OBRAS NA RÚA URBANA, ENTRE A RÚA TALLOS E A RÚA CUARTEL		48.847,00 €	48.847,00 €

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol coa finalidade común de colaborar na execución de actuacións en instalacións, vías públicas municipais e rede de abastecemento domiciliario de auga.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins común de Actuacións en instalacións, vías públicas municipais e rede de abastecemento domiciliario de auga, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Pol con número de expediente no GTM: 2022/PES_03/011722, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico con CSV: IV7D6YLNANKJKZKQ5VBAEPXIU.

Borrador de convenio con CSV: IV7D6YLM3RF6Z6B54PY4F5CT6I.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7D6YLNDBFIRTV4SRUHEQHQ6I.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Actuacións en instalacións, vías públicas municipais e rede de abastecemento domiciliario de auga, con un orzamento total de 332.394,64 euros, desglosados do seguinte xeito:

INVESTIMENTO: ACTUACIÓNS EN INSTALACIÓNS, VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS E REDE DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
MELLORA DE CAMIÑO ENTRE BAILLE E O CURRO, INCLÚÍDO HONORARIOS	14.000,00€	557,52€	14.557,52€
MELLORA DO VIAL DENTE O LUGAR DE PORTO DA VALIÑA ATA A ESTRADA LU-760, INCLÚÍDO HONORARIOS	14.000,00€	714,18€	14.714,18€
EXECUCIÓN DE ELEMENTOS DE ACCESIBILIDADE E PROTECCIÓN DE GRADERÍO DE CAMPO DE FÚTBOL	36.226,26€	10.000,00€	46.226,26€
EXECUCIÓN E COLOCACIÓN LOUSAS ALVEOLARES EN GRADERÍO CAMPO FÚTBOL	34.565,18€	10.000,00€	44.565,18€
SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASENTOS DE GRADA	9.595,30€	0,00€	9.595,30€
ACONDICIONAMENTO INTERIOR VESTIARIOS CAMPO FÚTBOL	31.116,06€	9.222,94€	40.339,00€
EXECUCIÓN DE INSTALACIÓN DE SUBMINISTRO E SANEAMENTO EN ZONA GRADA CAMPO FÚTBOL	28.000,00€	5.880,00€	33.880,00€
REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN CARAÑO DE ABAIXO, INCLÚÍDO HONORARIOS	5.558,56€	0,00€	5.558,56€
EXECUCIÓN E COLOCACIÓN DE CUBERTA EN GRADERÍO CAMPO FÚTBOL	37.938,64€	10.000,00€	47.938,64€
EXECUCIÓN DE ACCESOS A ZONA DEPORTIVA DE CAMPO FÚTBOL	30.000,00€	6.300,00€	36.300,00€
EXECUCIÓN DE SOLADOS E PARTICIÓNS INTERIORES EN GRADERÍO DE CAMPO DE FÚTBOL	32.000,00€	6.720,00€	38.720,00€
TOTAL	273.000,00€	59.394,64€	332.394,64€

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de



273.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta da actividade, “Renovación do pavimento da rúa Luz Pozo Garza e dunha marxe da rúa Virxe do Camiño”.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta da actividade, “Renovación do pavimento da rúa Luz Pozo Garza e dunha marxe da rúa Virxe do Camiño”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal; e do gasto, por importe de 184.449,82 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

O representante legal do Concello de Ribadeo solicitou, o 18 de maio de 2022, mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº 2022RPE008532), a subscrición dun convenio interadministrativo de cooperación, para a realización conxunta da actividade, “Renovación do pavimento da rúa Luz Pozo Garza e dunha marxe da rúa Virxe do Camiño”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para tela en consideración:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 8 de xuño de 2022.

Tendo en conta o exposto, proponho que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta da actividade, “Renovación do pavimento da rúa Luz Pozo Garza e dunha marxe da rúa Virxe do Camiño”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal; por importe total de 184.449,82 €, que serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 184.449,82 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Terceiro.- *Convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pastoriza para a realización conxunta da actividade, “Equipamento complementario nas vivendas das antigas escolas unitarias das parroquias de Vián e Reigosa”.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pastoriza, para a realización conxunta da actividade, “Equipamento complementario nas vivendas das antigas escolas unitarias das parroquias de Vián e Reigosa”, para o fin común de loita contra o despoboamento no rural; e do gasto, por importe de 19.721,79 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello Da Pastoriza, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

A representante legal do Concello Da Pastoriza solicitou, o 30 de maio de 2022, mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº 2022RT008175), a subscrición dun convenio interadministrativo de cooperación, para a realización conxunta da actividade, “Equipamento complementario nas vivendas das antigas escolas unitarias das parroquias de Vián e Reigosa”, para o fin común de loita contra o despoboamento no rural.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para tela en consideración:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 16 de xuño de 2022.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pastoriza, para a realización conxunta da actividade, “Equipamento complementario nas vivendas das antigas escolas unitarias das parroquias de Vián e Reigosa”, para o fin común de loita contra o despoboamento no rural; por importe total de 19.721,79 €, que serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 19.721,79 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO MAZO DE SANTA COMBA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Tendo en conta que con data 01.04.2022 a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, aproba iniciar o procedemento de concorrancia pública por concurso do procedemento relativo á concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado Instalacións en Ponte do Sil e aproba as cláusulas administrativas que rexerán o devandito procedemento.

Tendo en conta que con data 07.04.2022 publícase a través do Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público o prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para a contratación mediante procedemento de concorrancia pública.

Tendo en conta que unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, con data do 28.04.2022, reúnense todos os integrantes da Mesa de Valoración para a súa constitución e celebración da sesión, dándose conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, das propostas presentadas ao procedemento subscritas pola representación de Álvarez y Mariani Unión Temporal de Empresas (pendente de constitución) e por Enrique Reigosa Gómez. No contido da Acta da dita sesión asinada o 04.05.2022 baixo o CSV IV7DWEDDJ4RK3K6T6Z7VEEZFIU determínase que para ambas as dúas propostas A documentación administrativa presentada cumpre os requisitos esixidos para o presente procedemento polo que se admite (...) e dáse conta do contido do sobre nº 2, que inclúe a proposta de explotación do inmovible mediante o desenvolvemento da actividade principal que inclúe a documentación relativa á proposta económica e aos criterios avaliábles (..) a Mesa acorda solicitar informe aos servizos provinciais para a súa valoración.

Tendo en conta que con data de 27.05.2022 reúnese a Mesa de Valoración de cuxa sesión a Acta asinada o 15.06.2022 baixo o CSV IV7D6YAIZIP3VH7DYQXNIVS64Y presenta o seguinte contido:

(...) Se procede a dar conta do informe de valoración sobre as proposicións presentadas no presente procedemento, número de expediente 2021/XEN_01/003468.

O dito informe de valoración foi emitido con data do 24.05.2022 baixo o CSV IV7DS4JD3QR5LGN5VQXNMYS76Y no que, ademais de pormenorizar as proposicións presentadas conclúe co seguinte teor:

Conclusión,

A documentación presentada polos licitadores invita a estimar a viabilidade das proposta presentadas para a explotación do devandito dominio público provincial con arranxo a seguinte puntuación:

LICITADORES	ALVAREZ Y MARIANI UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS	ENRIQUE REIGOSA GÓME
ACTIVIDADE PRINCIPAL	CAFETERÍA RESTAURANTE	RESTAURANTE
a) PREZO (50%)	50,00	48,68
b) PROPOSTA DE EXPLOTACIÓN (50%)	46,27	48,00
1. Nova inversión en equipamento para as instalacións (Máximo 20 puntos).	19,27	20,00
2. Memoria técnica do proxecto (Máximo 30 puntos).	27,00	28,00
TOTAL	96,27	96,68

Dáse traslado deste informe para a súa consideración, se procedese, á Mesa de Valoración do procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso do outorgamento da concesión demanial do dominio público provincial denominado Área Recreativa Mazo de Santa Comba.

Á vista do citado informe a Mesa, da que forma parte a Intervención Provincial, por unanimidade, considerando que a proposición presentada por Enrique Reigosa Gómez resulta axustada ao prego reitor do procedemento e é a mais vantaxosa procede a formular a proposta de adxudicación a favor de Enrique Reigosa Gómez o que elevará ao órgano competente para a súa aprobación se procedese.

Tendo en conta que consta no expediente os certificados positivos a nome de Enrique Reigosa Gómez en relación coas obrigas tributarias e coa seguridade social.



De seguido, e no seu caso, atendendo á Cláusula 14 do prego reitor: Dentro dos dez días seguintes á notificación do acordo provincial de outorgamento da presente concesión demanial o concesionario deberá constituír unha garantía do 3 % do valor do dominio ocupado cuantificada en 3.093,20 €.

Posteriormente segundo o contido da cláusula 17: O documento de adxudicación da concesión demanial deberá formalizarse entre a Administración e o concesionario, dentro dos 30 días seguintes ao da notificación da adxudicación.

De acordo co exposto, o Secretario Xeral Sección de Patrimonio con data do 16.06.2022 baixo o CSV IV7D6YHLBER55NBTSZH4GFZG6I informa que comprobado o cumprimento dos trámites que condicionaban a adxudicación, considéranse axustadas as ofertas ao prego reitor do procedemento, procedendo a formulación da proposta de adxudicación a favor de Enrique Reigosa Gómez para a súa aprobación pola Xunta de Goberno.

Tendo en conta todo o que antecede, a teor do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico desta Deputación propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Adxudicar o procedemento relativo á concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado Mazo de Santa Comba a favor de Enrique Reigosa Gómez.

2º.- Requirir ao concesionario para a constitución dunha garantía do 3 % do valor do dominio ocupado cuantificada en 3.093,20 €.

3º.- Formalizar entre a Administración e o concesionario o acordo regulador da presente concesión demanial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO INSTALACIÓNS EN PONTE DO SIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 01.04.2022 a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, aproba iniciar o procedemento de concorrancia pública por concurso do procedemento relativo á concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado Instalacións en Ponte do Sil e aproba as cláusulas administrativas que rexerán o devandito procedemento.

Tendo en conta que con data 07.04.2022 publícase a través do Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público o prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para a contratación mediante procedemento de concorrancia pública.

Tendo en conta que unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, con data do 28.04.2022, reúnense todos os integrantes da Mesa de Valoración para a súa constitución e celebración da sesión, dándose conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, da única proposta presentada ao procedemento subscrita por don Jesús Pereiro González en representación da mercantil Maremta 2022, SL. Do contido da Acta da dita sesión asinada o 04.05.2022 baixo o CSV IV7DWEH4DMMKQSFS24ENITQA4U sinálanse as seguinte determinación: A documentación administrativa presentada cumpre os requisitos esixidos para o presente procedemento admítase a referida documentación contida no Sobre nº 1 e dáse conta do contido do sobre nº 2, que inclúe a proposta de explotación do inmovible mediante o desenvolvemento da actividade principal de cafe- bar, documentación relativa á proposta económica e aos criterios avaliábles (..) a Mesa acorda solicitar informe aos servizos provinciais para a súa valoración.

Tendo en conta que con data de 27.05.2022 reúnese a Mesa de Valoración de cuxa sesión a Acta asinada o 15.06.2022 baixo o CSV IV7D6YANFQZYJHHSVRGHBYYQQII presenta o seguinte contido:



(...) Se procede a dar conta do informe de valoración sobre a única proposición presentada no presente procedemento, número de expediente 2021/XEN_01/002247, e subscrita por don Jesús Pereiro González en representación da mercantil Maremta 2022, SL.

O dito informe de valoración foi emitido con data do 20.05.2022 baixo o CSV IV7DSTDPJY7SZCO74HXTKA3T6I no que, ademais de pormenorizar a oferta presentada polo único licitador conclúe co seguinte teor:

“Conclusión,

A documentación presentada polo licitador invita a estimar a viabilidade da proposta presentada para a explotación do devandito dominio público provincial con arranxo a seguinte puntuación:

LICITADOR	MAREMTA 2022 SL
ACTIVIDADE PRINCIPAL	CAFE BAR
a) PREZO (50%)	50,00
b) PROPOSTA DE EXPLOTACIÓN (50%)	46,00
1. Nova inversión en equipamento para as instalacións (Máximo 20 puntos).	20,00
2. Memoria técnica do proxecto (Máximo 30 puntos).	26,00
TOTAL	96,00

Deste informe dáse traslado para a súa consideración, se procedese, á Mesa de Valoración do procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso do outorgamento da concesión demanial do dominio público provincial denominado instalacións en Ponte do Sil”.

Á vista do citado informe a Mesa, por unanimidade, -na que se inclúe a Intervención Provincial- considerando axustada a oferta ao prego reitor do procedemento, procede a formular a proposta de adxudicación que elevará ao órgano competente para a súa aprobación se procedese.

Tendo en conta que consta no expediente os certificados positivos, do único licitador, Maremta 2022, SL. en relación coas obrigas tributarias e coa seguridade social.

De seguido, e no seu caso, atendendo á Cláusula 14 do prego reitor: Dentro dos dez días seguintes á notificación do acordo provincial de outorgamento da presente concesión demanial o concesionario deberá constituír unha garantía do 3 % do valor do dominio ocupado cuantificada en 3.313,64 €.

Posteriormente segundo o contido da cláusula 17: O documento de adxudicación da concesión demanial deberá formalizarse entre a Administración e o concesionario, dentro dos 30 días seguintes ao da notificación da adxudicación.

De acordo co exposto, o Secretario Xeral Sección de Patrimonio con data do 16.06.2022 baixo o CSV IV7D6YHDZBO4YSV74EN5F4ZWGI informa axustada a oferta ao prego reitor do presente procedemento, procedendo a formulación da proposta de adxudicación para a súa aprobación pola Xunta de Goberno.

Tendo en conta todo o que antecede, a teor do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico desta Deputación proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Adxudicar o procedemento relativo á concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado Instalacións en Ponte do Sil a favor de Maremta 2022, SL.

2º.- Requirir ao concesionario para a constitución dunha garantía do 3 % do valor do dominio ocupado cuantificada en 3.313,64 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**6.- PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE DESERTO DO
PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO
PROVINCIAL DENOMINADO CLUB NÁUTICO DE PORTOMARÍN.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 08.04.2022 a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, aproba iniciar o procedemento de concorrencia pública por concurso do procedemento relativo á concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado club náutico de Portomarín e aproba as cláusulas administrativas que rexerán o devandito procedemento.

Tendo en conta que con data 18.04.2022 publícase a través do Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público o prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para a contratación mediante procedemento de concorrencia pública.

Tendo en conta que unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, constitúese, con data do 27.05.2022, a Mesa de Valoración e reúnense todos os seus integrantes para a celebración da sesión, dándose conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, non existen licitadores que presenten oferta para este procedemento acordándose por unanimidade da Mesa de Valoración propoñer ao órgano competente a declaración de deserto do procedemento, como reflexa a Acta asinada o 15.06.2022 baixo o CSV IV7D6YA2BD5ZR2H6Q5GWABY65Y.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral Sección de Patrimonio de data 16.06.2022, con CSV IV7D6YHN3UOK3OBJ2ZGBD5HTKU que considera axustadas ao prego reitor do procedemento as conclusións da Mesa de Valoración para a formulación da proposta de declaración de deserto do procedemento para a súa aprobación pola Xunta de Goberno.

Non obstante, a Deputación podería acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións, sempre que non houbera transcorrido máis dun

ano dende a celebración do procedemento, tal e como establece a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (Art.137.4d).

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

Declarar deserto o procedemento de concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado Club Náutico de Portomarín.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 8 de abril de 2022 aprobou as bases e os modelos de solicitude que habían de rexer, no procedemento de concorrência competitiva para concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2022.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 087 do luns 18 de abril de 2022.



Tendo en conta que de conformidade co punto 9º “Avaliación das solicitudes” das Bases da convocatoria de subvencións de referencia: “Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións”.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar na convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica da convocatoria trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse dúas listaxes nas que inclúen os solicitantes propostos para cadansúa liña de subvencións prevista nas bases da convocatoria e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que, con data 9 de xuño de 2022 se constituíu a Comisión de Avaliación, para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instructor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes que figuran como tal nas listaxes que se achegan e se anexan ao expediente sen especificar valor económico, por non superaren o limiar mínimo da primeira fase da valoración ou non cumpriren os requisitos para poder ser beneficiario nesta convocatoria.

Tendo en conta que as subvencións concedidas suman os seguintes totais, de acordo coas liñas de axudas previstas e cos importes que se indican:

LIÑA	IMPORTE
LIÑA 10.2 RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO	45.000 €
LIÑA 10.3 RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES	38.000 €
TOTAL	83.000 €

Por todo o exposto,

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2022, que se mencionan nas listaxes que se anexan, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes, de acordo cos criterios reflectidos na base 9 da convocatoria, segundo a especificación que consta na acta da Comisión de Avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo co previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:



“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 25 de febreiro de 2022 acordou, entre outros asuntos, á aprobación das Bases da convocatoria e os modelos de solicitude de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2022.

Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das Bases, dos modelos e da convocatoria se publicou no BOP nº 056 de 10 de marzo de 2022.

Tendo en conta o previsto no punto 6 das Bases da convocatoria “Avaliación de solicitudes”, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, anualidade 2022, que reflicte que se constituirá unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta o previsto no punto 10, “Acordos de resolución e comunicación/notificacións”, onde se prevé que o órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno e que o acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Tendo en conta que finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas na listaxe de desagregación de orzamentos que se achegan no expediente e na acta da comisión de avaliación

correspondente, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión coa documentación que acompañan ás solicitudes.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación foron os recollidos nas normas específicas da convocatoria aprobadas polo órgano competente.

Visto que para estes efectos, se achega a listaxe na que se inclúen os solicitantes propostos para a concesión de subvencións.

Tendo en conta que, con data 10 de xuño de 2022, se constituíu e reuniu a Comisión de Avaliación prevista, na que se acordou elevar informe de proposta de concesión de acordo co establecido nas Bases.

Tendo en conta que o orzamento previsto no punto 5 “Orzamento” das Bases da Convocatoria é de 200.000,00 €.

Por todo o exposto:

Á vista do informe da Comisión de Avaliación.

Á vista do informe do Servizo de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística.

Á vista do informe do Servizo de Intervención.

A Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2022, de acordo aos criterios de determinación do importe da subvención reflectidos nos puntos 6 e



7 das Bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión da Avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo ao previsto no punto 10 das Bases da convocatoria, Acordos de resolución e comunicación/ notificacións, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DUNHA ENTIDADE A PARTICIPAR NO PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA”.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o escrito presentado por D. Angel Rivas Novás con DNI ***6921**, en representación da entidade Asociación de Veciños de Moucide con NIF G27109248 en data 12/06/2022 e con nº de rexistro de entrada 2022RT008844 no que renuncia á participación no Programa Coñece a túa provincia.

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022), aprobadas en Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 17 de xaneiro de 2022.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 11 de febreiro de 2022 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa provincia (anualidade 2022) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 12 de febreiro de 2022.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a renuncia da Asociación de Veciños de Moudide con NIF G27109248 para a participación no Programa Coñece a túa provincia (anualidade 2022) e manter o dereito desta entidade a participar na seguinte edición do programa atendendo ao sinalado na base 9.8 da Convocatoria.

2º.- Recurrir á lista de entidades admitidas para asignar as prazas concedidas a esta asociación, no momento en que exista dispoñibilidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZA VACANTE, DOTADA ORZAMENTARIAMENTE, DENOMINADA ATS, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1. Obxecto da convocatoria.



O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2021 (BOP núm. 296, do 28.12.2021) e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP nº 101 de 06.05.2021.

2. Caracterización da praza.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2021	423	ATS	1760	ATS ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios	A/A2	Xeral

3. Normativa de aplicación.

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Lei 30/1984, de 2 de agosto de Medidas para a reforma da función Pública (LMRFP).

Real decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).

Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).

Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).

Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP número 226, do 30/9/2006) da Deputación Provincial de Lugo.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020).

Acordo Marco Único para Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP número 241 de 20/10/2010).

Real Decreto 39/1997 de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

4. Consideracións xurídicas e técnicas.

a) Convocatoria.

A praza que se pretende convocar esta incluída na Oferta de Emprego do ano 2021 publicada no BOP nº 296 de 28/12/2021, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:

Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: “(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos”.

Artigo 91.2 da LRBRL “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.



b) Sistema selectivo.

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso- oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

Artigo 61.6 do TRLEBEP: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso- oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...).”

Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso- oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.

Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP 226 de 30.09.2006), que sinala:

“Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso- oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e no pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza o méritos moi específicos que deban se acreditados necesariamente na fase de concurso”.

Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso- oposición.

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso- oposición nos seguintes aspectos:

a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

c) Grupo/ subgrupo e clasificación.

A praza de ATS, figura encadrada na escala de Administración Especial, subescala técnica, técnicos medios (art. 167 TRRL), grupo de clasificación A, subgrupo A2 (art. 76 TRLEBEP).

d) Requisitos de participación.

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de Grao en Enfermería ou Diplomatura en Enfermería.

Outro requisito é estar en posesión da Especialidade de Enfermería do Traballo.

A motivación para esixir a especialidade é a seguinte:

O posto de traballo vinculado á praza que se convoca está adscrito ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

No Servizo de Prevención de Riscos Laborais realízanse, entre outras tarefas, as de vixilancia e control da saúde dos traballadores.



O artigo 37.3 a) do Real Decreto 39/1997 de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención indica:

“Os servizos de prevención que desenvolvan funcións de vixilancia e control da saúde dos traballadores deberán contar cun (...) e un ATS/ DUE de empresa, sen prexuízo da participación doutros profesionais (...)”.

e) Aprobación da convocatoria e bases.

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordó da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12/03/2021, e publicadas no BOP número 101 de 6 de maio de 2021.

f) Criterios de adaptación de tempos adicionais.

Para á adaptación de tempos adicionais estarase ao disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

g) Cumprimento da legalidade.

O procedemento selectivo:

a) Garante a libre concorrência así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos.

Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrência sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.

b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

5. Proposta de acordo.



Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante e dotada, incluída na oferta pública de emprego do ano 2021 (BOP núm. 296, do 28.12.2021):

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2021	423	ATS	1760	ATS ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios	A/A2	Xeral

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO Nº 26/2022.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente do recurso nº 26/2022 seguido a instancia de Dª Nieves Rey Timiraos “contra la desestimación por silencio del recurso de reposición interpuesto el 5 de julio de 2021, contra la resolución de fecha 1 de junio de 2021 denegatoria de la solicitud de licencia de obras “ , á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO Nº 133/2022.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº133/2022 seguido a instancia de D. Javier Jorge Castiñeira “contra el Acuerdo del Pleno de de la Corporación de la Excma. Diputación Provincial de Lugo de fecha 12 de abril de 2022...”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.



2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 158/2022.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº158/2022-L seguido a instancia de D. Javier Jorge Castiñeira “contra el Acuerdo de fecha de 29 de abril de 2022, por el que se aprueba “o encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de “obras de acondicionamento de aparcadoiros, nos termos municipais de Ribadeo e Foz, ao obxecto de mellorar os servizos e recursos públicos no rural...”, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.